

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 17 de outubro de 2025 pola que se redistribúen os créditos orzamentarios por epígrafes recollidos na Resolución do 5 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras do Plan Renova o teu vehículo, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria para a anualidade 2025 (códigos de procedemento IN421T e IN421U).

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 245, do 20 de decembro de 2024, publicouse a Resolución do 5 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, relativas ao Plan Renova o teu vehículo, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria, mediante tramitación anticipada, para a anualidade 2025 (códigos de procedemento IN421T e IN421U).

O artigo 2.1 da citada resolución prevé a posibilidade de redistribuír o orzamento se, pasado un mes desde a apertura do prazo de solicitudes, nalgunha das epígrafes non se rexistraron solicitudes suficientes para esgotar os fondos dispoñibles e noutra das epígrafes existe listaxe de espera. O prazo de presentación de solicitudes comezou o día 22 de xaneiro, non se rexistraron solicitudes suficientes para esgotar os fondos dispoñibles nas epígrafes correspondentes a autónomos ou empresas e, porén, existe listaxe de espera na epígrafe de persoas físicas.

O artigo 31 do Decreto 11/2009 establece que, cando a contía total máxima das subvencións convocadas se distribúa entre distintos créditos orzamentarios, a alteración da dita distribución non precisará de nova convocatoria, pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto e da publicación nos mesmos medios que a convocatoria.

Por todo o anterior, e dado que nas aplicacións orzamentarias correspondentes existe crédito dispoñible e coa finalidade de incrementar a eficacia administrativa e a eficiencia na asignación de recurso públicos,

RESOLVO:

Primeiro. Redistribuír os fondos destinados ao Plan Renova o teu vehículo modificando a táboa do artigo 2.1 da Resolución do 5 de decembro de 2024 do seguinte xeito:

Tipo de beneficiario	Aplicación orzamentaria	Dotación orzamentaria inicial (€)	Modificacións (€)	Dotación orzamentaria final (€)
Persoas físicas	09.A3.733A.780.4	2.925.180,00	44.000,00	2.969.180,00



Tipo de beneficiario	Aplicación orzamentaria	Dotación orzamentaria inicial (€)	Modificacións (€)	Dotación orzamentaria final (€)
Autónomos ou empresas	09.A3.733A.772.2	250.000,00	-44.000,00	206.000,00
Total		3.175.180,00	0,00	3.175.180,00

Segundo. Esta modificación, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non implicará a modificación do prazo establecido para presentar solicitudes.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2025

Pablo Fernández Vila
Director do Instituto Enerxético de Galicia

CVE-DOG: 3t7of2u8-7lf6-hvk3-fzc8-zhlcvmmwspbb8

